



Expediente: PR946B 2021/00011-0 (Modificación estatutos)
Solicitante: FEDERACIÓN GALEGA DE CHAVE
Nº Rexistro: F-05133

ANTECEDENTES

1. O 24.03.2021 a Federación Galega de Chave solicitou a inscrición da modificación dos seus Estatutos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
2. A modificación estatutaria foi aprobada pola Asemblea Xeral da Federación o 06.03.2021.
3. Os artigos dos estatutos da federación que se modifican son: 1.1, 2, 7, 9, engádese o artigo 17 e unha disposición adicional:

- **Artigo 1.1:** Modifícase a denominación da Federación Galega de Chave por Federación Galega de Deporte autóctono e inclúese a Billarda como nova modalidade deportiva.

A nova redacción do artigo é a seguinte:

Artigo 1.1: “A Federación Galega de Deporte autóctono (Federación) é a entidade privada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, que ten por obxecto, mediante a integración de clubs deportivos, seccións deportivas, deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-controladores, a práctica da modalidade dos deportes autóctonos que inclúe a chave e a billarda, así como promover, regulamentar e organizar o deporte autóctono no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación exerce, ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega baixo a súa tutela e coordinación.”

- **Artigo 2:** Engádese o enderezo completo.

“ O domicilio social actual establécese na rúa Salvador de Madariaga s/n (Campos de Fútbol Victor Fernández Alonso) CP 15008 A Coruña, e poderá ser cambiado de localidade ou de provincia, dentro sempre do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo de 2/3 dos membros asistentes á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva”





- **Artigo 7:** Suprimen o punto 2 da anterior redacción, referido ao IOF(federación internacional de orientación).

-**Artigo 9:** Suprímese o punto 4 da anterior redacción dos estatutos, relativo ás primeiras eleccións á asemblea xeral.

- **Artigo 17:** Engádesse este artigo pola creación dun Comité técnico para cada modalidade deportiva.

“ O Presidente designará un Comité técnico por modalidade, este estará integrado na F.G Deporte Autóctono, na que estarán representados os clubs, os deportistas, os xuíces e os adestradores desta especialidade deportiva.

O número non será inferior a catro nin superior a oito.

As súas funcións será organizar e dirixir as competicións oficiais da súa modalidade e calquera cuestión que se suscite en relación á práctica deportiva da dita modalidade en Galicia”.

- Engádesse unha **disposición adicional** na que se regula a aprobación dos novos estatutos para o vindeiro ano electoral.

“ A asemblea xeral que sexa elixida nas vindeiras eleccións aprobarán, no prazo de seis meses dende a súa constitución, uns novos estatutos que se axustarán á nova realidade de deporte autóctono”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Corresponde ao Secretario Xeral para o Deporte a competencia para resolver este procedemento conforme ao disposto no artigo 17.3 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2. A solicitude foi presentada dentro do prazo de dous meses desde a aprobación da modificación estatutaria (art. 20.2 do decreto 85/2014).

3. O acordo de modificación dos Estatutos foi adoptado conforme ao disposto nos Estatutos da Federación Galega de Chave para a modificación dos mesmos.

Por todo o anterior RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a modificación dos artigos 1.1, 2, 7, 9, 17, e a disposición adicional dos estatutos da Federación Galega de Chave, que quedan redactados nos termos que figuran nos antecedentes desta resolución.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
O secretario Xeral para o Deporte
(asinado electronicamente)
José Ramón Lete Lasa



Xacobeo 2021

